

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Santiago de Compostela 19 de setembro de 2018.- Reunida a Comisión Executiva da federación e con acordo unánime por parte dos/das integrantes da mesma, desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) queremos realizar unha Declaración Institucional pola Eliminación da Violencia contra a Muller tras a sentenza ditada pola Audiencia Provincial de Navarra no caso de “La Manada” que condena a nove anos de cárcere por un delito de abuso sexual continuado aos cinco homes que mantiveron relacións sexuais en grupo non consentidas cunha muller nas festas do San Fermín de 2016 en Pamplona:

“Os/as integrantes desta comisión sabemos que estamos ante un caso que leva desatado unha gran axitación política e social reflectida nos medios de comunicación e, desde a Fegamp, queremos manifestar a nosa postura de rexeitamento total e absoluto: ante a violencia sexual, sexista ou de calquera índole exercida sobre as mulleres; en contra dunha sociedade que ensine ás mulleres a evitar violacións en vez de educar aos homes para non ser violadores; rexeitamos de xeito vehemente que condutas como as dos condenados poidan quedar impunes máis cando, tras cometer un delito sexual en grupo, se vanglorian dos seus actos nas Redes Sociais; consideramos tamén inaceptable calquera actitude machista ou calquera feito que supoña o exercicio da violencia sobre unha muller polo simple feito de ser muller; e por último pensamos que a sociedade ten que rexeitar de forma expresa estas condutas e ás persoas que as exercen.

Consideramos importante e urxente que as institucións se unan á sociedade na protesta contra a violencia exercida sobre as mulleres e, por todo isto, e tamén pola oportunidade real de avanzar na loita contra esta violencia, queremos instar a todas as institucións competentes a traballar para que casos coma este non volvan a producirse, fomentando a igualdade real entre homes e mulleres con políticas específicas. Para iso é fundamental traballar desde a educación das crianzas, legislar con perspectiva de xénero e aplicar toda a dureza da lei contra os delitos sexuais”.